



## **SOLICITUDE DE LICENZA - INTERVENCIÓN EN INMOBLE CATALOGADO OU DECLARADO BIC (LI-5)**

### **Descrición**

Actos de edificación e uso do solo que, de conformidade co disposto no artigo 142.2 da lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, están sometidos a control municipal mediante licenza urbanística. Intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos

### **Requisitos de iniciación**

O/a promotor/a, con carácter previo á execución do acto que se trate, solicitará e obterá a correspondente licenza como título habilitante municipal de natureza urbanística. Respecto dos actos para os cales así o establece a lexislación básica estatal, o silencio administrativo terá carácter negativo.

### **Documentación Obrigatoria**

- Autoliquidación de taxa e I.C.I.O.: Autoliquidación da taxa pola tramitación administrativa e do imposto de construcións, instalacións e obras.
- Xustificación do pagamento da taxa e I.C.I.O.: Recibo de pagamento da Tesourería Municipal ou xustificante de ingreso en conta.
- Proxecto técnico, asinado dixitalmente, redactado por un/unha técnico/a competente, co contido mínimo establecido no Anexo I da Parte 1 do Código Técnico da Edificación, así como no previsto no artigo 353 do regulamento da lei 2/2016, do solo de Galicia. Deberá conter ademais, estudo de seguridade e saúde ou ben estudo básico de seguridade e saúde, consonte o previsto no R.D. 1627/1997; así como estudo de xestión de residuos segundo o R.D. 105/2008.
- Reportaxe fotográfica: Reportaxe fotográfica subscrita pola persoa solicitante.
- Oficio de dirección de obra: Nomeamento polo/a promotor/a, do/a técnico/a que asumirá a dirección de obra.

### **Documentación segundo o caso**

- Oficio de dirección de execución de obra: Nomeamento polo/a promotor/a, do/a técnico/a que asumirá a dirección da execución da obra.
- Oficio de coordinador de seguridade e saúde: Nomeamento polo/a promotor/a do/a técnico/a que asumirá a coordinación en materia de seguridade e saúde durante a execución da obra.
- Acreditación da representación: Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañará ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Nos casos de persoas xurídicas, documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou a acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- Nos casos de presentar documentación técnica ou oficios sen visar: declaración responsable (ou certificado colexial) do/a técnico/a competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade e declare ser competente para a súa sinatura.



## Observacións

### PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se indica a continuación.

- Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel (artigo 143.3 da LSG).
- Enténdese por proxecto técnico o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van realizar co suficiente contido e detalle para permitirlle á Administración coñecer o obxecto daquelas e decidir se se axustan ou non á normativa urbanística aplicable e ao resto das condicións sinaladas nela. O proxecto terá que xustificar tecnicamente as solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable.
- O devandito proxecto técnico conterá unha memoria urbanística, como documento específico e independente, na cal se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razoándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e cualificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables a el.
- A memoria do proxecto desenvolverá os argumentos necesarios para xustificar o cumprimento do preceptuado no artigo 216 do regulamento da LSG e irá acompañada dos correspondentes planos de situación a escala axeitada, así como de calquera outra información gráfica que resulte precisa para apoiar o seu contido.
- Igualmente, conterá unha memoria xustificativa do cumprimento das condicións previstas na normativa sectorial.
- Cando o proxecto se desenvolva ou complete mediante proxectos parciais ou outros documentos técnicos sobre tecnoloxías específicas ou instalacións do edificio, manterase entre todos eles a necesaria coordinación.